



ARMEN
TÍNEZ,
Grupo

GRUPO MUNICIPAL

Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello, para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte PROPOSICIÓN solicitando a adopción de **MEDIDAS PARA DIMINUÍR AS HORAS DE ESTACIONAMENTO NAS ZONAS DE "CARGA E DESCARGA" (AGÁS NO CENTRO HISTÓRICO) E MAIS NAS "ZONAS DE SERVIZOS" (AUMENTANDO NESTAS TAMÉN O TEMPO, DE 15 A 30 MINUTOS).**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que conta a tal fin cunha ordenanza específica do ano 2000, que desde entón non foi derogada, Pontevedra desistiu do sistema ORA (Ordenanza Reguladora de Aparcamiento, de pago e coñecida como “zona azul”), que funciona en cidades como Vigo, Santiago, A Coruña, Ourense ou Lugo, para estacionar no centro da cidade.

O Concello de Pontevedra dispón das *Directrices para a aprobación das ordenanzas reguladoras de usos e protección dos espazos públicos e instrucións sobre o tratamento dos espazos públicos* (BOP de 13 de marzo de 2009).

Esas Directrices deberán servir de base para a elaboración de ordenanzas municipais. Nelas defínense os *espazos públicos* “como un elemento esencial e decisivo entre os factores que inciden na calidade e na ordenación da vida individual e colectiva, xa que neles se desenvolven gran cantidade de actividades básicas para o bo funcionamento económico, residencial e da vida social, sobre todo as relacionadas co acceso peonil e rodado, convivencia, lecer, e uso e goce dos propios espazos”.

Esas Directrices tamén describen os espazos públicos e as súas funcións, e definen unhas normas xerais para compatibilizar e priorizar as actividades que

se desenvolven neles.

No artigo 12 (da Mobilidade motorizada), define un concepto de servizos que substitúe, actualiza e amplía o anteriormente coñecido como zona de “carga e descarga”. Enténdense por servizos *“aquelas actividades necesarias para o bo desenvolvemento da actividade económica e residencial, incluíndo, ademais das de carga e descarga tradicional, as de mensaxería, reparto a domicilio, acceso a garaxes en zonas de tráfico restrinxido, transporte de vultos por residentes en edificios que carezan de garaxe ou mudanzas, e actividades asimiladas”*.

Pola súa vez especificase (no punto a): *“A prestación de servizos terá prioridade sobre o estacionamento individual”*; e mais (no punto c): *“Poderase exercitar en calquera estacionamento público que estea libre e nas zonas reservadas con exclusividade para estes fins no horario disposto”*.

A tradución disto a horarios concretos faise en Bandos.

1. *“De carga e descarga de mercadorías e servizos no centro histórico de Pontevedra”* (entrou en vigor ás 08:00 horas do 1 de decembro de 2006). As operacións de carga e descarga de mercadorías efectuaranse os días laborais entre as 08:00 e as 12:00 horas, de mañá, e entre as 16:00 a 18:00 horas, de tarde, e cada vehículo disporá dun máximo de 30 minutos por estacionamento para a execución destas operacións (quedan fóra destes límites os servizos públicos e as emerxencias, á parte de servizos de particulares residentes coma o transporte de vultos pesados ou o de persoas con mobilidade reducida, á parte dos portes de mensaxería, de pedidos de comida rápida ou as subministracións a farmacias). As vías que delimitan o centro histórico, a estes efectos son a Praza Peregrina e as rúas Michelena, Praza España, Arcebispo Malvar, Valentín García Escudero, Serra, Padre Amoedo e un treito de Benito Corbal.

2. *“De estacionamento e carga e descarga de mercadorías no caso urbano de Pontevedra”* (entrou en vigor as 08:00 horas do 31 de xaneiro de 2008). As operacións de carga e descarga no casco urbano deberán realizarse os días laborais (quedan excluídos os domingos e festivos), entre as 08:00 horas e as

13:30 horas, de mañá, e entre as 16:30 e as 21:00 horas, de tarde, e cada vehículo disporá dun máximo de 30 minutos. Ademais, nas vías do centro histórico e nas rúas peonís do resto da cidade onde a sinalización vertical recolla o texto “agás servizos”, está permitida a parada ou estacionamento de todo tipo de vehículos por un período máximo de 15 minutos, para realizar xestións de tipo administrativo, privado, lúdico, comercial ou de calquera outra índole



O avance do denominado “modelo de cidade”, en favor da convivencia coa mobilidade peonil e dos lugares de lecer e coa perda de espazo para a mobilidade motorizada, está reducindo os espazos públicos de estacionamento gratuítos en superficie. Isto aféctalle de xeito especial aos residentes que, tanto no centro coma na contorna, carecen de garaxe propio e precisan facer uso dos seus vehículos en desprazamentos cotiás para os que a cidade non lle ofrece a alternativa do transporte público.

Co ánimo de paliarmos estas dificultades, Marea Pontevedra presenta a seguinte

PROPOSICIÓN

- **Instar a Xunta de Goberno Local a acortar o horario de estacionamento nas zonas de "carga e descarga" (agás no centro histórico), para ampliar as opcións de estacionamento libre e gratuíto.**
- **Instar á Xunta de Gobeno Local a acortar tamén o horario das "zonas de servizos", ampliando nelas o límite de tempo, de 15 a 30 minutos.**

Pontevedra, 14 de agosto de 2017

M^a del Carmen Moreira Martínez. Concelleira do GM de Marea Pontevedra